


*Si de nou voleu passar*  
I Simposi Internacional  
Salvador Espriu



BIBLIOTECA  
ABAT  
OLIBA  
*L*

Publicacions de l'Abadia de Montserrat

**SI DE NOU  
VOLEU PASSAR**

I Simposi Internacional Salvador Espriu

*A cura de Víctor Martínez-Gil  
i Laia Noguera*

Centre de Documentació i Estudi Salvador Espriu  
Publicacions de l'Abadia de Montserrat  
2005

La celebració del I Simposi Internacional Salvador Espriu i la publicació d'aquest llibre han estat possibles gràcies a la col·laboració de l'Ajuntament d'Arenys de Mar, del Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya, de la Diputació de Barcelona, de la Institució de les Lletres Catalanes, del Ministerio de Ciencia y Tecnología, del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, de la Universitat Autònoma de Barcelona i de la Universitat de Barcelona.

Primera edició, novembre 2005

© els autors

La propietat d'aquesta edició és del Centre de Documentació  
i Estudi Salvador Espriu i de Publicacions  
de l'Abadia de Montserrat

Ausiàs Marc, 92-98 - 08013 Barcelona

ISBN: 84-8415-732-6

Dipòsit legal: B. 36.722-2005

Imprès a Novagràfik, S.L. - Pol. Ind. Foinvasa - Vivaldi, 5  
08110 Montcada i Reixac

Il·lustració de la coberta: Salvador Espriu, per Josep M. Subirachs

## A INTELLECTUALIDADE GALEGA EN CATALUÑA COMO MEDIADORA ENTRE SALVADOR ESPRIU E GALICIA: NOTICIAS E TRADUCCIONS

**Helena González Fernández**  
Universitat de Barcelona

Salvador Espriu foi para os poetas galegos un dos modelos dispoñibles de escrita de compromiso cívico e nacional nas décadas dos sesenta e setenta e, polo tanto, un dos referentes posibles para unha literatura contra-hexemónica e emerxente como a galega. No seu mellor coñecemento en Galicia interviu, de maneira decisiva, a intelectualidade galega en Cataluña preparando entrevistas, recensións críticas e traduccions. Nesta comunicación ofreceranse cantos indicios temos para demostrar o papel que desempeñaron estes intelectuais, creadores e tradutores, como mediadores entre Espriu (¿ou certo Espriu?) e unha cultura resistente, a galega. Xa que logo, o seu papel sobrepassa o papel convencional do embaixador cultural que se pode atopar en situacións de non resistencia e convértese, sen dúbida ningunha, nunha maneira de intervir desde o discurso cultural na sociedade, fornecendo modelos éticos e estéticos fortes e comprometidos. Para unha mellor contextualización da recepción de Espriu, ofrécense uns cadros finais con datos sobre todas as traduccions ao galego elaborado a partir dos traballos de Xesús González Gómez e da ripa dos orixinais.<sup>1</sup>

1. No capítulo de recoñecementos quero subliñar a miña débeda co labor de anos, coa xenerosidade e co coñecemento de Xesús González Gómez; este artigo meu só é posible grazas ao seu arquivo persoal, á súa colaboración e aos seus traballos. A Basilio Losada débolle os retallos da súa memoria e a posibilidade de consultar unha parte do seu epistolario. Agradezo a Fina Villar e á Galería Sargadelos que me fornecese o cartel e o programa das representacións de *La pell de brau* dirixidas por Ricard Salvat en Galicia; a Manuel Romón e Alberto Valverde a información sobre unha carta de Espriu a

Aínda nas traducións dos anos oitenta, o Espriu que interesa é o da conciencia cívica e nacional, o autor que pon en cuestión a colectividade e que representa o gran poeta segundo os patróns máis clásicos, é dicir, a poesía irrefutable escrita nunha lingua nacional (ou se se quixer, a posibilidade de escribir nas linguas daquela periféricas coma un clásico, incuestionable). Precisamente, nas notas escritas por González Gómez salientase en diversas ocasións ese diálogo cos clásicos:

Dá gusto —e autocompasión— oílo falar dos escritores latinos e gregos clásicos, que el poido papar directamente en catalán a traveso das traducións feitas pola Fundación Bernat Metge. Quen pode hoxe falar nos de Catulo, de Juvenal, do mesmo Horacio ou do mesmo Homero sin caír no requinte erudito? Eu somentes coñezo unha persoa: Salvador Espriu (GONZÁLEZ GÓMEZ, 1976).

Sorprende, sen embargo, que os tradutores radicados en Cataluña non traducisen o poeta político de actualidade que se posiciona sobre Vietnam, ou aqueloutro que retrata a modernidade con textos dedicados ao jazz, ou Nova York. Curiosamente é un xornalista algo maior Landeira Yrago quen, en 1968 traduce un poema situado en Harlem, «Veient Rosie a la finestra», que se ilustra cun dos debuxos de negros neoiorkinos de Castelao. Tampouco se traduciu *La pell de brau*, un texto emblemático, do que houbo varios intentos de verque-lo parcialmente en galego e que tivo dúas representacións en Galicia cadrando co décimo cabodano do pasamento de Espriu, aínda que foi reeditado, en español, por unha editorial emblemática que conta cun proxecto editorial de fondas conviccións éticas, Edicións do Castro. Ou, se cadra, precisamente por iso.

Xa que logo, B. Losada, Xesús González Gómez, Xosé Lois García, Manuel e Xosé Manuel Casado, Manuel Rodríguez López ou Xosé Costa, por citar os máis significados, encarnaron nalgún momento da súa traxectoria intelectual ou creativa o papel de embaixadores culturais dobres que corresponden á encomenda necesaria comunicación exterior do(s) galeguismo(s) dos anos sesenta e setenta de contribuír desde fóra con informacións, contactos e colaboracións continuas nas publicacións periódicas de Galicia (singularmente o *Grial* e *El Progreso* de Lugo) e Cataluña. Eles conforman, xunto co grupo de Madrid, os galeguistas que, desde fóra, máis tra-

ballan desde mediados dos sesenta polo desenvolvemento e dignificación da identidade e da cultura galegas diferenciada, e sen dúbida, neles influía o propio proceso de reconstrucción identitaria catalana, que tomaron en máis dunha ocasión como modelo á hora de analizar a produción literaria e cultural galega. Sen embargo cómpre non esquecer que desde Galicia tamén se seguía de primeira man atentamente o devir da cultura catalana e eran frecuentes as viaxes dos escritores e críticos galegos a esta cidade. Así, Manuel María, poeta socialrealista (e popular) galego cítao como un dos seus autores de cabeceira; sabemos que desde Monforte de Lemos lle enviaba novidades literarias galegas e que as comentaban por carta: «Eu mandáballe a Espriu tódolos libros galegos que ían saíndo, de rapaces novos. El comentábamnos nas súas cartas» (DEL CAÑO, 1990: 106 e 115).<sup>22</sup> Enténdese que lle enviaba especialmente os libros da colección Val de Lemos da que Manuel María era editor, e na que publicaron, entre outros Xosé Lois García, autor dunha entrevista e a tradución de tres poemas. Neste contacto predominaba o interese pola poesía cívica e pola consideración do poeta como voz dun pobo oprimido.

Espru influenciou por medio da súa obra en tomar conciencia da realidade político-cultural, nos anos de transcendencia de postguerra. Creou un ambiente favorable ás masas amorfas e desvaidas pola guerra civil, en tomar conciencia dunha realidade chega de liberdade de porvir.

Xustamente, Espriu soupo crear un mundo literario, un linguaxe e unha disciplina fonda metafísica arelada pola actualidade (REINA, 1995 II: 9).

O mito do «modelo catalán», que estes axentes porán en práctica na agonía da dictadura en realidade non era novo, e xa se detectara na literatura do primeiro tercio do xx, cando, por exemplo, Salvat-Papasseit serve como referente para o único manifesto das vangardas históricas, o *Máis alá* de Manuel Antonio.

A tradución é o emplasto na ferida, o intento por establecer pontes e animar o coñecemento mutuo. Mais a intercomunicación segue a ser cativa, e non só porque ao lector de poesía se lle esixe o plus de

22. Abofé recibiu libros doutros poetas mozos galegos porque se conserva unha carta do 25 de outubro de 1978 asinada por Josep Espriu no nome do seu irmán acusando recibo da recepción dunha publicación do Colectivo Rompenite.

- LOSADA, Basilio: «Manuel Casado Nieto», *Grial* 83 (1984): 99-101.
- LOSADA, Basilio: *Mostra do Álbum Nós, en el 25 Aniversario de su fallecimiento. 7-20 enero 1975*. La Coruña, Imprenta Moret, 1975, 24 ps. Folleto.
- PARADELA, Álvaro, «Cuadernos de Amaro Orzán. Un poema de Salvador Espriu». [Xornal descoñecido] (1968 ou 1969).<sup>23</sup>
- REINA, Francesc (ed.): *Enquestes i entrevistes. I. (1933-1075). II. Enquestes i Entrevistes (1974-1985)*. Barcelona, Edicions 62, 1995.
- Serra d'Or 9: «Enquesta: els crítics davant la literatura catalana (1939-1963)», *Serra d'Or* 9 (IX-1964): 52-58.

### Anexo. Datos sobre as traducións ao galego

Para facilitar a cuantificación e localización das traducións, ofrécese os datos en cadros. Destácanse os referidos aos tradutores residentes en Cataluña. Os datos sobre as traducións ao galego encóntranse en GONZÁLEZ GÓMEZ (1995 e 2003), que cotexei cos retallos de prensa e revistas que puiden consultar. Incorporo correccións de detalle e amezo as traducións de X. M. Dobarro e os inéditos de Rábade e Villar Janeiro. Para a datación e información das traducións de Cunqueiro seguiuise a GONZÁLEZ GÓMEZ (2003: 145-147) que corrixe pequenos erros nas datas do artigo de 1995. Os títulos dos libros de Espriu en catalán, aos que pertencen os poemas traducidos, cítanse de maneira abreviada pero son doadas de recoñecer.

CADRO 1.  
*Cuantificación das traducións ao galego de poesía*  
 Criterio: núm. de textos por traductor

| <i>Traductor</i>             | <i>Núm. poemas traducidos</i> | <i>Comentarios</i>   |
|------------------------------|-------------------------------|--|
| Dobarro, Xosé M <sup>a</sup> | 20                            |  |
| <b>Casado Nieto, Manuel</b>  | <b>17</b>                     | Corrixiu os hiperenxebrismos das traducións publicadas en <i>Chan</i> cando os recuperou para <i>Mostra...</i> |
| <b>González Gómez, Xesús</b> | <b>14</b>                     | Traduciú ademais <i>Antígona</i> e un conto, «O país moribundo»  |
| Rábade Paredes, Xesús        | 6                             | Tres inéditas de <i>La pell de brau</i>  |

23. Retallo de prensa sen máis datos do arquivo persoal de X. González Gómez.

|                          |          |                                     |
|--------------------------|----------|-------------------------------------|
| Cunqueiro, Álvaro        | 5        | Algunhas asinadas con pseudónimo    |
| <b>García, Xosé Lois</b> | <b>3</b> |                                     |
| Ínsua, Emílio            | 2        |                                     |
| Rodríguez López, Manuel  | 2        |                                     |
| Villar Janeiro, Helena   | 4        | Inéditos, de <i>La pell de brau</i> |
| Cermeño, Xosé            | 1        |                                     |
| Landeira Yrago, Xosé     | 1        |                                     |
| <b>Losada, Basilio</b>   | <b>1</b> |                                     |
| Paradela, Álvaro         | 1        |                                     |

---



CADRO 2.  
*Catálogo das traducións ao galego (continuación)*  
 Criterio: data de publicación

| Publicación e data  | Traductor               | Textos traducidos   |
|---|-------------------------|---|
| <i>Faro de Vigo</i> 23.VII.1982   | Cermeño, Xosé           | templo», «Diversos son os homes e diversas as falas», «Balbordo de golpes de eixada», «Cando a luz xurdida do fondo do mar», «Pro na segura agarra o pino», «As veces é necesario e forzoso», «Ensaio de cántiga no templo», «Xa os meus ollos non saben» |
| <i>Faro de Vigo</i> 23.VII.1982   | Cermeño, Xosé           | TÍTULO E TEXTO: «Chuvia» [Encabezado polo orixinal en catalán]  |
| <i>Dorna</i> 9 (1986): 211  | Rodríguez López, Manuel | TÍTULO: «Cementiri de Sinera»<br>TEXTO: «Polos portais de Sinera», «As arañas tecían» [cos orixinais en catalán]  |
| Inéditos 1985   | Rábade Paredes, Xesús   | TEXTOS: «II. Es vasta pel de touro», «XXI. Muñños de Sepharad», «XXXVIII. Non convén dicir o nome»  |
| <i>El Correo Gallego</i> 3.III.1985   | Rábade Paredes, Xesús   | TÍTULO: «Salvador Espriu: el valor de la palabra desnuda» [artigo de José Sánchez Reboredo, «Salvador Espriu: in memoriam» + trad. de Rábade Paredes]<br>TEXTOS: «Ensaio de canto no templo», «Na beira do mar», «Volvo polo recordo»                     |
| Gabriel Aresti, Salvador Espriu e Celso Emilio Ferreiro. <i>Antoloxía</i> . Donostia, Erein, 1988 | Dobarro, Xosé María     | TEXTOS: «Inicio de cántico no templo», «O meu povo e máis eu», «Cemiterio de Sinera I», «Cemiterio de Sinera II», «Cemiterio de Sinera IV», «Cemiterio de Sinera V», «Canción da mañá calmada», «Ensaio de cántico no tem-                                |